

## PROGRAMA PARA A I REGATA DE DORNAS A VELA DE SAN VICENTE

1. Poderán participar tódalas dornas a vela.
2. Tódolos interesados en participaren terán que comunicar os seguintes datos, (por cuestións de organización e servizo de restaurante) antes do xoves 14 ás 20 horas ou ben á Asociación de Amigos da Dorna Meca, ou ben ó Club Náutico San Vicente ([administración@cnsvicente.org](mailto:administración@cnsvicente.org) ou 986738325)  
Terán que sinalar os seguintes datos:
  - a. Nome, apelidos e teléfono do patrón
  - b. Nome e apelidos do/s tripulantes
  - c. Club ó que pertencen
3. Tódolas embarcacións participantes terán amarre ou mariña seca de balde dende o xoves 14 ata o sábado 16.
4. Ás 10.15 no Club comunicaranse as instrucións de regata a tódolos patróns e farase entrega de documentación e agasallos para os participantes. O Club Náutico de San Vicente agradece que os participantes acudan á entrega de premios coas prendas que se lle entregarán como agasallo, como recoñecemento ó patrocinador Aguas de Cabreiroá do Grupo Estrella Galicia. Tamén se cubrirá un formulario para a elección da será a votación da dorna máis fermosa debendo tódolos tripulantes cumplimentala co nome de tres dornas por orden de preferencia. As papeletas que conteñan calquera

engadido ou algo diferente do nome das tres dornas elixidas polo votante serán anuladas.

5. Tódalas embarcacións terán que estar no mar e fóra do campo de regatas das traíñas ás 11.30 horas. Non se admitirá ningún participante que incumpra esta condición.
6. A competición desenvolverase simultaneamente coa competición de traíñas nun campo paralelo. Ningunha dorna poderá invadir o campo de regata da competición de traíñas
7. A regata rematará ás 14 horas e declararanse vencedoras ás dornas que nese momento teñan alcanzada a chegada, pola súa orde, ou estean máis adiantadas na súa posición con respecto á liña de chegada
8. As decisións do Comité de Regatas son firmes e inapelables.
9. Entregarase unha grímpola do Club Náutico de San Vicente á dorna vencedora na xeral.
10. Os participantes poderán usar de balde as duchas do Club Náutico, situadas a carón da Tenda Náutica
11. Os participantes poderán comer no Restaurante do Club o Menú de Socio a 12 € por persoa, se o desexan, podendo, evidentemente, comer calquera outro menú dos sinalados na Carta ó prezo dela.

12. Ás 21.30 iniciarase no Club Náutico a entrega de premios á que se pide que asistan tódolos participantes, simultaneamente coa inauguración da Exposición de fotografía do fotoperiodista de Faro de Vigo Iñaki Abella.
13. Unha vez rematada a entrega de premios poderanse degustar unhas tapas e bebida
14. Para as 22.30 está prevista unha actuación musical na Explanada fronte ó Club Náutico, patrocinada pola Concellería de Cultura do Concello do Grove.